

SALVATERRA DE MIÑO

Asunto: Notificación do acto de trámite de empra-zamento a diversos interesados no Procedemen-to Ordinario nº 0000478/2009 interposto por Te-lefónica Servicios Móviles S.A. contra Concello de Salvaterra de Miño.

Non sendo posible a notificación do acto de trá-mite sinalado os seguintes interesados:

- D. Óscar Panadero Blanco, D.N.I: 36.101.724-G
- D. Marco A. García Rodríguez, D.N.I: 36.124.522-D
- D. Ramiro Ramos Pedrosa, D.N.I: 53.176.463-A
- D^a Lluvia M^a Montero Para, D.N.I: 02.659.590-P
- D^a. Pastora Avalle P. D.N.I: _____.

Ao non resultar posible a súa práctica efectiva, de acordo co previsto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 28 de novembro, de réxime xurídico das admi-nistracións públicas e do procedemento adminis-trativo común, procédese a notificar mediante a publicación no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello de Salvaterra de Miño, o seguinte:

“Decreto.—Recibido escrito do Xulgado do Con-tencioso-Administrativo, número tres de Pontevedra, no que, en cumprimento do acordado pola mesma no recurso P. Ordinario nº 0000478/2009 sobre Administración Local, interposto por Telefónica Servicios Móviles S.A. contra Concello de Salvaterra de Miño; contra desestimación por silencio administrativo da solicitude de Licencia de instala-ción de estación de telefonía móbil en Monte Coto-Salaterra, no que se require á administración para a remisión do expediente administrativo.

Resolvo:

1º.—Remitir o expediente administrativo a que deu lugar o acto recurrido ao Xulgado do Contencioso Administrativo número tres de Pontevedra.

2º.—Notifíquese a presente resolución a cantos aparezan como interesados no expediente, empra-zándoos para que, de acordo co disposto no artigo 49 da Lei da Xurisdicción Contencioso administra-tiva, poidan comparecer e persoarse en Autos me-diante Procurador con asistencia de Letrado ou va-léndose tan só de Avogado con poder ao efecto, no prazo dos NOVE DÍAS seguintes ao do recibo da no-tificación da presente resolución.

3º.—Significarlles igualmente que de persoarse fora do prazo sinalado no parágrafo anterior, se lles terá como parte, sen que por isto deba retrotraerse nin interromperse o curso do procedemento, e de non persoarse oportunamente continuará o proce-demento polos seus trámites sen que dea lugar a practicarlles notificación de clase algunha.

Así o manda e asino o Sr. Alcalde- Presidente, en Salvaterra de Miño, a 22 de xaneiro de 2010; diante de mín, a Secretaria, que dou fe.”

Salvaterra de Miño, a 4 de febreiro de 2010.—O Alcalde, ilexible. 2010001495

* * *

SANXENXO**A N U N C I O**

Resolución de 3 de febreiro de 2010 do concello de Sanxenxo. Provincia: Pontevedra. Corporación: Concello de Sanxenxo. Número de código terri-torial: 36051.

Ratificación do acordo de consolidación de em-prego asinado por o Concello de Sanxenxo, C.C.O.O., C.I.G., C.S.I-C.S.I.F. e U.G.T. na Mesa de Negociación do 29 de xaneiro de 2010 aprobada por resolución da presidencia de 03 de febreiro de 2010.

ACORDO DE CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO, PARA A REDUCCIÓN DA TEMPORALIDADE E O AUMENTO DA ESTABILIDADE DO EMPREGO NO CONCELLO DE SANXENXO

A vista da grande temporalidade tanto dos tra-balladores laborais como funcionarios do Concello de Sanxenxo, é necesaria a regularización da situa-ción deste persoal.

Ó amparo do disposto na Disposición Transito-ria cuarta da Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, así como da disposi-ción transitoria décimo cuarta do Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia (TRLFPG) 4/1988, Decreto Lexislativo 1 /2008 de 13 de xuño, dentro das medidas de redución da temporalidade e co fin de aumentar a estabilidade no emprego, le-varase a cabo o longo dos anos 2010 / 2012 un plan de consolidación de emprego temporal para o per-soal do Concello de Sanxenxo.

Este plan de consolidación de emprego afectará a aquel persoal que ven desempeñando postos de traballo de carácter permanente e estrutural inclu-ídos no cadro de persoal laboral fixo ou de funcio-narios do Concello de Sanxenxo, Xerencia Municip-al e OA Terra de Sanxenxo ininterrompidamente dende antes do 1 de xaneiro de 2005.

Aquelas prazas que se convoquen de funciona-rios da policía local do Concello de Sanxenxo sera-lles de aplicación o disposto na Disposición Adicio-nal segunda da Lei 4/2007 de coordinación de poli-cías locais de Galicia, na disposición transitoria terceira do Decreto 243/2008, do 16 de outubro así como na Orden do 28 de xaneiro de 2009 que des-enrola dita Lei, onde prevé un procedemento espe-cífico para aqueles vixiantes municipais, auxiliares de policía ou interinos dos corpos de policía local, que cumpran os requisitos de alta na data de entra-

da de vigor da Lei e que cumpran 3 anos de traballo continuado no posto.

Este plan de consolidación de emprego temporal ten por obxecto regularizar a situación do persoal.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

A tenor do previsto na Disposición Transitoria Cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, as Administracións Públicas poderán efectuar convocatorias de consolidación de emprego a postos ou prazas de carácter estrutural correspondentes os seus distintos corpos, escalas ou categorías, que estean dotados no orzamento e se encontren desempeñados interina o temporalmente con anterioridade o un de xaneiro de 2005. Os procesos selectivos garantirán o cumprimento dos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade. O contido e as probas gardará relación cos procedementos, tarefas e funcións habituais dos postos obxecto de cada convocatoria. Na fase de concurso poderá valorarse, entre outros méritos, o tempo de servizos prestados nas Administracións Públicas e a experiencia nos postos de traballo obxecto da convocatoria.

Neste sentido, a disposición transitoria décimo sexta da Lei 4/88, de 26 de maio, da Función Pública de Galicia, modificada por a Lei 13/2007, de 27 de xullo, sinala que dentro do marco das medidas de redución da temporalidade e con obxecto de aumentar a estabilidade no emprego público na Administración Xeneral da Xunta de Galicia, a Comunidade Autónoma Galega desenrolará, por unha sola vez por praza, un proceso de carácter extraordinario para a substitución de emprego interino ou temporal por emprego fixo. O proceso afectará a aquelas prazas que estean cubertas, interina ou temporalmente, con anterioridade o un de xaneiro de 2005 e que continúen, temporal ou interinamente, cubertas no momento da convocatoria. Os procesos selectivos respectarán, en todo caso, os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade efectuaranse por o sistema de concurso - oposición libre.

O amparo do establecido na Disposición Transitoria Cuarta de la Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público e disposición transitoria décimo cuarta do Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia (TRLFPG) 4/1988, Decreto Lexislativo 1 /2008 de 13 de xuño, dentro das medidas de redución da temporalidade e co fin de aumentar a estabilidade no emprego, tendo en conta precedentes xurídicos de natureza asimilable, se acorda aprobar un plan de consolidación de emprego temporal para o persoal do Concello de Sanxenxo, que ven desempeñando postos de traballo de

carácter permanente e estrutural, incluídos no cadro de persoal laboral e funcionario.

A cobertura das prazas farase a través de unha única convocatoria de consolidación de emprego temporal mediante un concurso - oposición libre. Este proceso de consolidación de emprego convocarase por unha sola vez, aquelas prazas que unha vez finalizado o proceso selectivo, quedasen desertas pasarán a convocarse novamente, de xeito normal, sen atender as condicións da consolidación de emprego.

Nestes procesos extraordinarios de consolidación de emprego temporal garantirase o cumprimento dos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade. O contido e as probas gardarán relación cos procedementos, tarefas e funcións habituais dos postos obxecto de cada convocatoria. Na fase de concurso valorarase, entre outros méritos, o tempo de servizos prestados no Concello de Sanxenxo, Xerencia Municipal de Urbanismo ou OA Terra de Sanxenxo.

Este proceso de consolidación de emprego temporal se desenrolará o longo dos anos 2010 - 2012.

Sanxenxo, a 3 de febreiro de 2010.—A Presidenta, Catalina González Bea. **2010001505**

A N U N C I O

Resolución de 3 de febreiro de 2010 da Xerencia Municipal de Urbanismo do concello de Sanxenxo. Provincia: Pontevedra. Corporación: Xerencia Municipal de Urbanismo do concello de Sanxenxo. Número de Código Territorial: 36051.

Ratificación do acordo de consolidación de emprego asinado por Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Sanxenxo, C.C.O.O., C.I.G., C.S.I.-C.S.I.F e U.G.T. na Mesa de Negociación do 29 de xaneiro de 2010 aprobada por resolución da presidencia de 03 de febreiro de 2010.

ACORDO DE CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO, PARA A REDUCCIÓN DA TEMPORALIDADE E O AUMENTO DA ESTABILIDADE DO EMPREGO NA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE SANXENXO

A vista da grande temporalidade tanto dos traballadores laborais como funcionarios da Xerencia Municipal de Urbanismo, é necesaria a regularización da situación deste persoal.

Ó amparo do disposto na Disposición Transitoria cuarta da Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, así como da disposición transitoria décimo cuarta do Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia (TRLFPG) 4/1988, Decreto Lexislativo 1 /2008 de 13 de xuño, dentro das medidas de redución da temporalidade e co fin de aumentar a estabilidade no emprego, levarase a cabo o longo dos anos 2010 / 2012 un plan